


# GUÍA DE PRESTACIONES POR DESEMPREGO



Elaborado pola Secretaría de Empleo e Previsión Social

Abril de 2019

## ÍNDICE

Información necesaria para determinar o dereito á protección por desemprego.....	5
Información adicional.....	5
Requisitos xerais para acceder á protección por desemprego.....	6
Prestación contributiva.....	6
Subsidio por desemprego.....	6
Conceptos.....	7
Documentación de carácter xeral.....	9
Situacións especiais.....	9
Desemprego parcial.....	9
Traballadoras/es fixos-descontinuos.....	10
Dereito de opción.....	10
ERE ou ERTE.....	10
Maternidade/paternidade.....	10
Baixa por incapacidade temporal.....	11
Vítimas de violencia de xénero ou doméstica.....	11
Compatibilidade da prestación cun traballo.....	12
Se cumpre a idade de xubilación mentres está cobrando a prestación contributiva ou o subsidio por desemprego.....	12
Se lle conceden unha bolsa debe ter en conta que:.....	12
Se sae a un país estranxeiro mentres percibe unha prestación por desemprego.....	12
Prestacións contributivas.....	12
Prestación contributiva.....	12
Capitalización ou pagamento único da prestación contributiva para autoemprego.....	15
Pagamento único da prestación contributiva para persoas inmigrantes que retornan ao seu país de orixe.....	16
Subsidio por desemprego.....	17
Para persoas traballadoras que esgotaron a prestación contributiva e teñen responsabilidades familiares.....	17
Para persoas traballadoras maiores de 45 anos que esgotaron a prestación contributiva e non teñen responsabilidades familiares.....	18
Para persoas traballadoras emigrantes retornadas.....	18
Para persoas traballadoras que, ao se producir a situación legal de desemprego, non cubriron o período mínimo de cotización para acceder a unha prestación contributiva.....	19
Para persoas liberadas de prisión.....	20
Para persoas traballadoras ás que lles sexa revisada unha invalidez.....	22
Para persoas maiores de 52 anos.....	22
Anexo I: Outras prestacións para persoas en situación de desemprego.....	25
Programa de renda activa de inserción (RAI).....	27
Subsidio extraordinario por desemprego (SED).....	29
Prestación por cesamento de actividade.....	31



## INFORMACIÓN NECESARIA PARA DETERMINAR O DEREITO Á PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

### Vida laboral

- Tipo de contrato
- Data de alta
- Data de baixa
- Causa da extinción do contrato
- Tipo de xornada

### Datos da unidade familiar

#### Se percibiu unha prestación anterior:

- Ver se a esgotou

#### Se traballou máis ou menos dun ano

#### Se pertence a algún colectivo concreto:

- Emigrante retornado/a
- Liberado o liberada de prisión
- Perda dunha pensión por mellora dunha incapacidade
- Maior de 52 anos
- Sen dereito a prestacións (renda activa de inserción)
- Estranxeiro ou estranxeira non comunitario e quere regresar ao seu país
- Cobramento do paro mentres busca traballo nun país da Unión Europea
- Víctimas de violencia de xénero (renda activa de inserción)
- Traballadores ou traballadoras eventuais agrarias

## INFORMACIÓN ADICIONAL

### Contía mensual do indicador público de rendas múltiples (IPREM) 2019

537,84

### Contía do salario mínimo interprofesional (SMI) 2019

900,00 €

## REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER Á PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

### Prestación contributiva

- Estar afiliado/a e en situación de alta ou asimilada á alta na Seguridade Social, nun réxime que inclúa a continxencia por desemprego.
- Atoparse en situación legal de desemprego.
- Estar inscrito/a e manter a inscrición como demandante de emprego durante todo o período de percepción.
- Acreditar dispoñibilidade para buscar activamente emprego e para aceptar unha colocación adecuada e subscribir un *compromiso de actividade*.
- Ter cotizado por desemprego un período mínimo de 360 días dentro do seis anos anteriores á situación legal de desemprego.
- Non cumprir a idade ordinaria que se esixe para a pensión de xubilación, salvo que non se tivese dereito a ela por falta de cotización ou se trate de situacións de suspensión da relación laboral ou de redución de xornada autorizados por expediente de regulación de emprego.
- Non realizar unha actividade por conta propia ou traballo por conta allea a tempo completo, salvo compatibilidade establecida por un programa de fomento de emprego.
- Non cobrar unha pensión da Seguridade Social incompatible co traballo.

### Subsidio por desemprego

- Estar desempregado ou desempregada e en situación legal de desemprego.
- Non ter dereito á prestación contributiva por desemprego.
- Estar inscrito e manter a inscrición como demandante de emprego durante todo o período de percepción e subscribir o compromiso de actividade.
- Ter cotizados, nun réxime da seguridade social que recolla a continxencia de desemprego, polo menos tres meses se ten responsabilidades familiares, ou seis meses se non as ten, e non ter cuberto o período mínimo de cotización de 360 días para ter dereito a unha prestación contributiva.
- Carecer de rendas de calquera natureza que en cómputo mensual sexan superiores ao 75 % do SMI, excluídas as pagas extraordinarias.
- Durante toda a percepción do subsidio deben manterse todos os requisitos.

Se a persoa traballadora tiver dereito ao subsidio por desemprego para traballadores/as maiores de 55 anos, percibiría este.

No caso de que a persoa traballadora realizase traballos a tempo parcial, deberá achegar os contratos en que se reflecta o número de días de traballo á semana.

## CONCEPTOS

### Situacións asimiladas á alta

Para os efectos do dereito á prestación por desemprego, considéranse as seguintes situacións:

- A excedencia forzosa por cargo público ou sindical.
- A liberación de prisión por cumprimento de condena ou liberdade condicional.
- O retorno das persoas traballadoras emigrantes.
- A finalización da relación laboral estando trasladados ou desprazados temporalmente pola empresa fóra do territorio nacional.
- A finalización da relación laboral nun período de folga e/ou peche patronal legais.
- A situación de incapacidade temporal, sen obriga de cotizar, así como a de invalidez provisional.
- A situación de excedencia por período non superior a tres anos por atender ao coidado de cada fillo ou filla e a situación de excedencia para o coidado dun familiar.
- A situación da persoa traballadora durante o período correspondente a vacacións anuais retribuídas que non se gozasen antes da finalización do contrato.

### Situación legal de desemprego

Son as causas de extinción ou suspensión da relación laboral que, polo seu carácter involuntario, a lei cualifica como tales, o que significa que o motivo da perda do traballo sexa unha causa allea á vontade do traballador.

- Despedimento
- Despedimento por causas obxectivas
- Finalización da relación de traballo por falecemento, xubilación ou incapacidade do empresario
- Extinción da relación laboral en virtude de despedimento colectivo adoptado por decisión do empresario ou de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal
- Suspensión da relación laboral por decisión do empresario ou en virtude de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal
- Redución temporal de xornada ordinaria diaria de traballo, por decisión do empresario ou en virtude de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal
- Finalización do contrato temporal por expiración do tempo convindo ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato
- Cesamento por non superar o período de proba
- Cesamento por vontade do empresario na relación laboral de alta dirección
- Finalización da relación administrativa temporal de funcionarios/as de emprego e contratados administrativos

- Cesamento como socia ou socio traballador dunha cooperativa en período de proba, expulsión improcedente ou cesamento temporal ou definitivo na actividade da cooperativa por causas económicas, tecnolóxicas, organizativas, de produción ou por forza maior, finalización do vínculo societario de duración determinada
- Finalización ou suspensión da relación de traballo por ser vítima de violencia de xénero
- Decisión da persoa traballadora de finalizar a relación laboral por algunha das causas seguintes: modificación das condicións de traballo (horario, xornada...), falta de pagamento ou atraso continuado do aboamento do salario ou traslado do centro de traballo
- Fin ou interrupción da actividade dos traballadores e traballadoras fixas descontinuas, así como das que realicen traballos fixos e diarios que se repiten en datas certas

Existen outras circunstancias cualificadas como situacións legais de desemprego que non derivan da finalización ou suspensión dun contrato de traballo; son as seguintes:

- O retorno desde o estranxeiro dunha traballadora ou traballador español emigrante
- A liberación dun centro penal ou de internamento
- A declaración de plenamente capaz ou incapacitado no grao de incapacidade permanente parcial, como consecuencia dun expediente de revisión por melloría dunha situación de incapacidade nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.

### **Compromiso de actividade**

A persoa solicitante ou beneficiaria das prestacións adquire o compromiso de buscar activamente emprego, aceptar unha colocación adecuada e participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementar a súa ocupabilidade, así como de cumprir as restantes obrigas previstas na normativa que regula as prestacións por desemprego.

O seu incumprimento produce efectos sancionadores como infracción leve. A participación en accións de mellora da ocupabilidade será voluntaria para as persoas beneficiarias de prestacións contributivas durante os cen primeiros días de percepción, e a non participación non terá efectos sancionadores.

### **Responsabilidades familiares**

Significa ter ao seu cargo o/a cónxuxe ou algún fillo ou filla por natureza ou adopción menor de 26 anos ou maior discapacitado ou menor acollido, que non teña ingresos mensuais superiores ao 75 % do SMI, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, e que a suma de todos os ingresos, dividida entre o número de membros que compoñen a unidade familiar, non supere a dita cantidade.

### **Rendas**

Considéranse rendas ou ingresos computables os bens, dereitos ou rendementos de que dispoña ou poida dispor o/a desempregado/a e os membros da súa unidade familiar, derivados do traballo, do capital mobiliario ou inmobiliario, das actividades económicas e os de natureza prestacional, salvo as asignacións da Seguridade Social por fillos/as a cargo.



Compútase a cantidade bruta obtida como salario pola realización dun traballo por conta allea e rátease o importe das pagas extraordinarias. O mesmo criterio é aplicable a pensións, plusvalías, alugamento dun inmovible, rendemento de accións ou outros bens mobles, etc.

Tamén se considerarán rendas os rendementos que poidan deducirse do montante económico do patrimonio, aplicando ao seu valor o xuro legal do diñeiro vixente, coa excepción da vivenda habitualmente ocupada polo traballador ou traballadora e os bens cuxas rendas fosen computadas.

O importe correspondente á indemnización legal que en cada caso proceda pola extinción do contrato de traballo non terá a consideración de renda, iso con independencia de que o seu pagamento se efectúe dunha soa vez ou de forma periódica.

No caso de matrimonios, a contía obtida como renda impútase ao cónxuxe titular dela, con independencia de que o réxime económico do matrimonio sexa de gananciais ou separación de bens; agás a renda que provén da explotación dun ben de propiedade exclusiva dun dos cónxuxes cando o réxime económico matrimonial é de gananciais, nese caso imputarase a metade a cada cónxuxe.

## DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER XERAL

- Modelo oficial de solicitude.
- Identificación do/a solicitante e dos fillos ou fillas que conviven ou están ao seu cargo e que figuren na solicitude (basta coa exhibición dos documentos):
  - Documento nacional de identidade (DNI) / pasaporte / tarxeta de identidade de estranxeiro (TIE) / documento que conteña o número de identidade de estranxeiro (NIE).
  - Calquera documento bancario en que figure o número de conta da que sexa titular, e onde desexe percibir a prestación.
  - Libro de familia ou documento equivalente no caso de estranxeiros/as.
  - Certificado ou certificados das empresas en que traballase nos últimos seis meses. Só naquelas situacións en que non for suficiente para acreditar a situación legal de desemprego é necesario achegar o documento acreditativo que corresponda.

A solicitude poderaa presentar, ben na súa oficina de emprego, a través da páxina web do SEPE ou nunha oficina de correos, nos quince días hábiles seguintes á situación legal de desemprego (termo da relación laboral por fin de contrato ou despedimento), ao retorno do estranxeiro ou a excarceración. No caso de que a empresa lle aboase vacacións por non as gozar antes do cesamento, debe presentala nos quince días hábiles seguintes á finalización do período equivalente ás vacacións.

## SITUACIÓNS ESPECIAIS

### Desemprego parcial

A prestación por desemprego parcial determinarase en proporción á redución da xornada de traballo.

(As únicas excepcións en que non se aplica a parcialidade son o subsidio para persoas maiores de 52 anos, o subsidio para emigrantes retornadas, o de liberadas de prisión e os casos de revisión de inca-

pacidade, nos que, por seren moi específicos, non se ten en conta a existencia dun contrato previo a tempo parcial e tampouco nas axudas como a renda activa de inserción ou o subsidio extraordinario por desemprego que se percibe sempre polo mesmo importe).

### **Traballadoras/es fixos-descontinuos**

- Poderán cobrar prestacións cando finalice a relación laboral por causa involuntaria ou se suspenda o reduza a xornada por un expediente de regulación de emprego.
- Tamén poderán acceder nos períodos de inactividade produtiva entre campañas, e causarán baixa na prestación cando reinicien a actividade.

### **Dereito de opción**

- Se interrompeu o cobramento dunha prestación contributiva para traballar ese último período dun ano ou máis, poderá elixir entre renovar a prestación que suspendeu ou cobrar a nova que xerou.
- Se para traballar o último período dun ano ou máis interrompeu o cobramento dun subsidio por desemprego, deberá solicitar a nova prestación por desemprego xerada.

### **ERE ou ERTE**

A prestación por desemprego percíbese tras a perda involuntaria, definitiva ou temporal, dun emprego ou tras a redución da xornada diaria de traballo, acordadas no correspondente procedemento.

Inclúe a cotización á seguridade social, que nos supostos de despedimento colectivo se fará por xubilación, incapacidade temporal, incapacidade permanente, morte e supervivencia, asistencia sanitaria, maternidade, paternidade e coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, e nos casos de suspensión ou redución de xornada, será por todas as continxencias.

En caso de suspensión do contrato, esta debe estar acordada no correspondente procedemento, ser temporal e estar motivada por causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior.

En caso de redución de xornada de traballo, esta debe supor a diminución temporal de entre un dez e un setenta por cento da xornada de traballo, con análoga redución do salario, ser acordada no correspondente procedemento e estar motivada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

### **Maternidade / paternidade**

Se mentres está en maternidade ou paternidade finaliza o seu contrato, continuará percibindo a súa prestación económica de maternidade de dezaseis semanas, ou de paternidade de catro **oito?** semanas, ata a alta médica ou fin desa situación, momento en que pode solicitar a prestación ou subsidio por desemprego nos quince días hábiles seguintes.

O período de baixa por maternidade ou paternidade é computable para cumprir o requisito de período de ocupación cotizada para acceder ás prestacións por desemprego, mentres permanecese de alta na empresa, xa que a obriga de cotizar continúa durante os períodos de descanso maternal ou paternal mentres o contrato estea vixente.

A prestación por maternidade ou paternidade abóaa o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

## Baixa por incapacidade temporal

Se finaliza o contrato, segue percibíndose a prestación económica de incapacidade temporal ata a data da alta médica, pero cambia a súa contía, que pasa a ser a correspondente a unha prestación por desemprego.

Desde que se recibe a alta, hai un prazo de quince días hábiles para solicitar a prestación.

O período de baixa por incapacidade temporal compútase como período de ocupación cotizado para acceder ás prestacións por desemprego mentres o contrato estivese en vigor.

- Se corresponde unha prestación de nivel contributivo e a incapacidade for por continxencias comúns, descontarase da duración do dereito o tempo transcorrido desde a fin da relación laboral ata a alta médica. O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE en diante) cotizará tamén ese período por continxencias comúns, incluída xubilación, ata o final da prestación por desemprego.
- Se corresponde unha prestación de nivel contributivo e a incapacidade for por continxencias profesionais ou se lle corresponde unha prestación de nivel asistencial ou subsidio, non hai desconto do período percibido entre a fin do contrato e a alta médica e tampouco o SEPE cotiza polo devandito período.

## Vítimas de violencia de xénero ou doméstica

Considérase vítima de violencia de xénero, a muller que é ou foi obxecto de actos de violencia física ou psicolóxica, agresións á liberdade sexual, ameazas, coacción ou privación de liberdade exercida polo seu cónxuxe, excónxuxe, parella de feito ou exparella, aínda que non convivisen. É vítima de violencia doméstica, o home que sufra violencia exercida polo seu cónxuxe, excónxuxe, parella ou exparella, pais ou fillos e a muller que sufra violencia exercida polos seus pais ou fillos.

Se está traballando e sofre violencia de xénero, pode solicitar a suspensión temporal da súa relación laboral con reserva do posto de traballo ou a súa extinción definitiva presentando na súa empresa unha orde de protección xudicial ou informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de que está a ser obxecto de violencia de xénero.

Tanto a suspensión como a extinción consideraranse situación de desemprego involuntario, o que lle permite solicitar e cobrar a prestación contributiva ou subsidio por insuficiencia de cotización, sempre que reúna o resto de requisitos esixidos con carácter xeral.

Se tras recibir a prestación por desemprego solicita a extinción definitiva da súa relación laboral polo mesmo motivo ou por finalizar a súa relación de traballo por calquera outra causa allea á súa vontade, este período de suspensión considerárase de ocupación cotizada para o recoñecemento dun novo dereito no que non se terá en conta o percibido na prestación anterior.

O período polo que pode solicitar a suspensión temporal da súa relación laboral con reserva do posto de traballo é de seis meses, que se pode prorrogar por períodos de tres meses ata alcanzar os dezoito, sempre que a autoridade xudicial acredite a necesidade de manter a suspensión para garantir a súa protección e seguridade.

É un período de cotización efectiva para as prestacións de xubilación, incapacidade permanente, morte ou supervivencia, maternidade e desemprego.

### **Compatibilidade da prestación cun traballo**

- Cando se está a percibir unha prestación por desemprego e se inicia unha actividade por conta propia de duración inferior a 60 meses, suspéndese a prestación e, se se excede o devandito período, extínguese.
- Poderán compatibilizar, en xeral, os subsidios por desemprego co traballo por conta allea as persoas traballadoras desempregadas maiores de 52 anos, inscritas nas oficinas de emprego, beneficiarias de calquera subsidio, sempre que sexan contratadas a tempo completo, de forma indefinida ou temporal e que a duración do contrato sexa superior a tres meses.
- As persoas traballadores desempregadas contratadas con base no programa de substitución de traballadores e traballadoras en formación por beneficiarias de prestacións; neste caso percibirán a prestación contributiva ou o subsidio por desemprego a que teñan dereito polo 50 % da contía durante a vixencia do contrato, co límite máximo do dobre do período pendente de percibir da prestación ou do subsidio.
- No caso dun traballo por conta allea a tempo parcial, pódese optar por suspender a prestación ou por compatibilizala.

### **Se cumpre a idade de xubilación mentres está cobrando a prestación contributiva ou o subsidio por desemprego**

- Se reúne os requisitos para cobrar unha pensión contributiva de xubilación, nese caso extínguese a protección por desemprego.
- Se non ten dereito a cobrar unha pensión contributiva de xubilación, segue percibindo a prestación durante todo o período concedido.

### **Se lle conceden unha bolsa, debe ter en conta que:**

A prestación por desemprego e o subsidio por desemprego son incompatibles con:

- A realización en empresas de prácticas non laborais, non ligadas a un plan de estudos, que supoñan estar dentro do réxime xeral da Seguridade Social como asimilado ou asimilada a persoa traballadora por conta allea.
- Con carácter xeral, coa participación en programas de formación vinculados a estudos universitarios ou de formación profesional nos que se realicen prácticas formativas curriculares ou non curriculares, que non dean lugar a unha relación laboral, pero si supoñan o cobramento polas persoas participantes dunha cantidade económica e a súa introdución no réxime xeral da Seguridade Social como asimilado ou asimilada a persoa traballadora por conta allea.

Non obstante o anterior, si é posible compatibilizar as prácticas formativas coas prestacións cando se dean as seguintes circunstancias:

- Que as prácticas en entidades públicas ou privadas estean incluídas no plan de estudos correspondente e que se realicen no marco de colaboración entre aquelas entidades e o centro docente de que se trate.

- Que a realización das prácticas non requira dedicación exclusiva por parte das persoas participantes, xa que estas han continuar acreditando que están dispoñibles para buscar activamente emprego, así como para aceptar unha colocación adecuada.
- Que a contraprestación económica que perciban as persoas participantes se limite a compensalas polos gastos derivados da participación nas ditas prácticas: material de traballo, locomoción, aloxamento ou manutención.

Naqueles casos en que as prácticas formativas non leven contraprestación económica ningunha, a percepción das prestacións e subsidios por desemprego pode compatibilizarse sempre que continúen cumprindo todos os requisitos esixidos para iso.

Se as prácticas formativas son compatibles coa prestación ou o subsidio por desemprego, o alumno ou a alumna continuará percibindo esa prestación ou subsidio integramente, sen que se reste nada polas horas realizadas de prácticas. Se, pola contra, as prácticas formativas son incompatibles coa prestación ou subsidio, estes suspéndense na data de inicio da bolsa.

Aínda sendo compatibles as dita prácticas, a persoa interesada tamén pode, se o desexa, suspender a prestación ou subsidio por desemprego. Neste caso, poderá solicitar a súa continuación no prazo de quince días hábiles a partir do día que finalicen as prácticas.

### **Se sae a un país estranxeiro mentres percibe unha prestación por desemprego**

- Se a saída é ocasional, por un tempo máximo acumulado de quince días naturais dentro de cada ano natural, a prestación mantense. É conveniente que se comunique ao Servizo Público de Emprego Estatal.
- Se se trata dunha estadía no estranxeiro por un período continuado ou non superior a quince días e de ata noventa días naturais, como máximo, dentro de cada ano natural, a prestación suspéndese, sempre que se comunicase previamente ao Servizo Público de Emprego Estatal e fose autorizada por este.
- No suposto de traslado de residencia ao estranxeiro para a procura ou realización dun traballo, cooperación internacional ou perfeccionamento profesional, por un período continuado inferior a doce meses, a prestación suspéndese, sempre que fose comunicado previamente ao Servizo Público de Emprego Estatal e fose autorizado por este. Se o período é superior, a prestación extínguese.

## **PRESTACIÓNS CONTRIBUTIVAS**

### **Prestación contributiva**

---

#### **Período mínimo de cotización**

Ter traballados e cotizados para o desemprego, polo menos, 360 días durante os seis anos anteriores á situación legal de desemprego.

### Duración da prestación

A duración calcúlase en función das cotizacións dos últimos seis anos, sempre que non se tivesen en conta para unha prestación anterior. Para o cálculo do período de ocupación cotizado, teranse en conta os períodos de vacacións anuais retribuídos e non gozados antes da extinción da relación laboral, así como os correspondentes aos salarios de tramitación.

No caso de que se traballase a tempo parcial, cada día traballado considérase un día cotizado, con independencia da xornada.

Para determinar a duración da prestación aplicarase a seguinte escala, que ten un mínimo de 120 días e un máximo de 720.

Días cotizados	Días prestación
360-359	120
540-719	180
720-899	240
900-1079	300
1080-1259	360
1260-1439	420
1440-1619	480
1620-1799	540
1800-1979	600
1980-2159	660
Desde 2160	720

### Importe da prestación

Depende das bases de cotización á Seguridade Social por continxencias profesionais durante os 180 últimos días cotizados, excluídas as horas extraordinarias.

A base reguladora da prestación é a media da base de cotización dese período. O importe é do 70 % da base reguladora durante os primeiros 180 días de prestación e do 50 % a partir do 181.

Durante a percepción da prestación, o traballador ou traballadora permanecerá en alta na Seguridade Social e efectuarase a cotización por continxencias comúns. Cotizará polo 100 % do importe da cota que lle corresponda, que se lle descontará da prestación.

### Contía mínima da prestación

En ningún caso a contía mensual da prestación poderá ser inferior a:

- Para traballadores/as sen fillos/as ao cargo: 80 % do indicador público de rendas múltiples (IPREM) incrementado en 1/6 (parte proporcional de pagas extraordinarias).
- Para traballadores/as con, polo menos, un fillo/a ao cargo: 107 % do IPREM mensual incrementado en 1/6 (parte proporcional de pagas extraordinarias).

Situación	Contía 2018
Sen fillos/as	501,98 €
Un fillo/a ao cargo	671,40 €

### Contía máxima da prestación

O importe máximo da prestación por desemprego en ningún caso poderá ser superior a:

- Para traballadores/as sen fillos/as ao cargo: 175 % do IPREM
- Para traballadores/as cun fillo/a a cargo: 200 % do IPREM
- Para traballadores/as con dous ou máis fillos/as ao cargo: 225 % do IPREM

Situación	Contía 2018
Sen fillos/as	1.098,09 €
Un fillo/a ao cargo	1.254,96 €
Dous ou máis fillos/as ao cargo	1.411,83 €

### Retencións que efectúa o Servizo Público de Emprego Estatal

Á contía da prestación indicada, o SEPE practicaralle as seguintes retencións:

- O importe da cotización á Seguridade Social que ha efectuar o traballador/a: resultado de aplicar o 4,7 % á súa base de cotización por contingencias comúns.
- A retención a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, se for o caso.

### Prazo de solicitude

Deberá presentarse nos quince días hábiles seguintes ao último día traballado, ao retorno do estranxeiro ou á excarceración. No caso de que a empresa aboase as vacacións porque non se gozasen antes do cesamento, debe presentar a solicitude no prazo de quince días hábiles seguintes á finalización deste período equivalente ás vacacións.

### Capitalización ou pagamento único da prestación contributiva para autoemprego

É a posibilidade de percibiren o importe total ou parcial da prestación contributiva, aqueles traballadores ou traballadoras que pretendan incorporarse como socios/as traballadores/as ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais, ou cando pretendan iniciar unha actividade como traballadores/as autónomos/as.

### Requisitos

- Ser beneficiario/a dunha prestación contributiva por desemprego e ter pendente de recibir na data de solicitude, polo menos, tres mensualidades. As persoas titulares do dereito á prestación por cesamento de actividade deben ter pendente de percibir un período de, polo menos, seis meses.

- Que non se obtivese outra capitalización ou pagamento único nos catro anos anteriores.
- Non ter iniciada a actividade para a que se solicita a capitalización.
- Iniciar a actividade no prazo máximo dun mes desde a resolución da concesión do dereito.

### **Contía**

- Podes obter o 100 % da prestación pendente se, como autónomo/a, o destinas a investilo no desenvolvemento da actividade; ou, como socio/a dunha sociedade mercantil, o destinas ao capital social ou aos gastos de constitución e posta en funcionamento; e, de maneira similar, no caso de que sexas socio/a traballador/a ou de traballo de carácter estable nunha cooperativa ou sociedade laboral.
- Se non se obtén toda a prestación, o resto pode obterse como subvención mensual ás cotas á Seguridade Social.
- A totalidade da prestación pendente de percibir pode destinarse ás cotizacións á Seguridade Social.
- Tamén poderá destinarse ata o 15 % da prestación capitalizada ao pagamento de servizos específicos de asesoramento, formación e información relacionados coa actividade que se emprende.

## **Pagamento único da prestación contributiva para persoas inmigrantes que retornan ao seu país de orixe**

---

### **Requisitos**

- Ser nacional dun país que teña convenio bilateral con España en materia de seguridade social (Andorra, Arxentina, Australia, Bolivia, Brasil, Canadá, Chile, Colombia, Ecuador, Estados Unidos, Federación Rusa, Filipinas, Xapón, Marrocos, México, Paraguai, Perú, República Dominicana, Tunisia, Ucraína, Uruguai, Venezuela, O Salvador, República de Corea e República de Cabo Verde e República Popular China) e ter residencia legal en España.
- Estar en desemprego ou inscrito como demandante de emprego.
- Ter recoñecido o dereito á prestación por desemprego de nivel contributivo, sen compatibilizalo cun traballo a tempo parcial.
- Asumir o compromiso de retornar ao país de orixe, se for o caso, en compañía dos familiares reagrupados sen unha autorización de residencia independente, no prazo máximo de trinta días naturais contando a partir da data do primeiro pagamento en España e o de non retornar a España no prazo de tres anos.
- Non estar afectado ou afectada por algún dos supostos de prohibición de saída do territorio nacional previstos na lexislación de estranxeiría.

### **Contía**

- O importe anticipado e acumulado correspondente aos días de dereito da prestación por desemprego de nivel contributivo que correspondan ou que resten por percibir.



- O pagamento efectuarase en dous prazos: o 40 % do importe en España, unha vez recoñecido o dereito, e o 60 % restante no país de orixe, transcorrido o prazo de trinta días naturais desde a data do primeiro pagamento aboado en España e no prazo máximo de noventa días desde aquel.

## **SUBSIDIO POR DESEMPREGO**

### **Para persoas traballadoras que esgotaron a prestación contributiva e teñen responsabilidades familiares**

---

#### **Requisitos específicos**

- Esgotar a prestación por desemprego.
- Figurar inscrita como demandante de emprego durante o prazo dun mes desde o esgotamento da prestación contributiva e manter a inscrición durante todo o período de percepción do subsidio, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais.
- Ter responsabilidades familiares.

#### **Documentación específica**

- Libro de familia ou documento equivalente en caso de persoas estranxeiras, legalizado e traducido.
- No caso de fillos ou fillas discapacitadas maiores de 26 anos, certificado do grao de discapacidade expedido polo IMSERSO ou o órgano da comunidade autónoma correspondente, ou resolución do INSS, do Ministerio de Facenda ou de Defensa que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- Resolución xudicial ou escrito de formalización do acollemento no que conste o consentimento da entidade pública que en cada territorio teña encomendada a protección de menores e a data de efectos do acollemento.
- Sentenza e/ou convenio regulador, en caso de separación ou divorcio.

#### **Duración**

Seis meses prorrogables, logo da solicitude da persoa interesada, por outros dous períodos de igual duración ata un máximo de 18 meses, coas seguintes excepcións:

- As menores de 45 anos que esgotasen unha prestación contributiva de, polo menos, seis meses terán ademais dereito a outra prórroga de seis meses, ata percibir 24 meses.
- As maiores de 45 anos que esgotasen unha prestación contributiva de, polo menos, catro meses terán ademais dereito a outra prórroga de seis meses, ata percibir 24 meses.
- As maiores de 45 anos que esgotasen unha prestación contributiva de, polo menos, seis meses terán dereito a dúas prórrogas de seis meses cada unha, ata percibir 30 meses.
- A idade debe terse na data de esgotamento da prestación contributiva por desemprego.

- No caso de traballadoras e traballadores fixos descontinuos, a duración será equivalente ao número de meses cotizados no ano anterior á solicitude.

### **Contía**

O 80 % do IPREM.

### **Tramitación**

A solicitude ha formalizala a persoa solicitante no prazo dos quince días hábiles seguintes ao cumprimento do mes de espera, tras o esgotamento da prestación contributiva.

## **Para persoas traballadoras maiores de 45 anos que esgotaron a prestación contributiva e non teñen responsabilidades familiares**

---

### **Requisitos específicos**

- Esgotar a prestación por desemprego.
- Figurar inscrita como demandante de emprego durante o prazo dun mes desde o esgotamento da prestación contributiva e manter esa inscrición durante todo o período de percepción do subsidio, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais.
- Ter cumpridos 45 anos na data de esgotamento da prestación contributiva.

### **Duración**

Seis meses improrrogables.

No suposto de traballadoras/es fixos descontinuos, a duración será equivalente ao número de meses cotizados por desemprego no ano anterior á solicitude.

### **Contía**

O 80 % do IPREM.

### **Tramitación**

A solicitude formalízaa a persoa solicitante no prazo dos quince días hábiles seguintes ao cumprimento do mes de espera, tras o esgotamento da prestación contributiva.

## **Para persoas traballadoras emigrantes retornadas**

---

### **Requisitos específicos**

- Ser español/a.

- Figurar inscrita como demandante de emprego durante o prazo dun mes desde o esgotamento da prestación contributiva e manter a inscrición durante todo o período de percepción do subsidio, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais.
- Ter traballados no estranxeiro, en países que non sexan do Espazo Económico Europeo ou cos que non exista convenio sobre protección por desemprego, un mínimo de doce meses nos últimos seis anos desde a última saída de España. Actualmente, os países cos que existe convenio sobre protección por desemprego son Suíza e Australia.
- Non ter dereito á prestación contributiva por desemprego por cotizacións que tivese acumuladas nos seis anos anteriores á súa saída de España.

### **Documentación específica**

- Certificación emitida polas delegacións ou subdelegacións de Goberno, na que conste a data do retorno e o tempo traballado no país de emigración.

### **Duración**

Seis meses, prorrogables logo da solicitude da persoa interesada por outros dous períodos de igual duración, ata un máximo de 18 meses, se se manteñen os requisitos.

### **Contía**

O 80 % do IPREM.

### **Tramitación**

O traballador ou traballadora dispón de 30 días, desde o retorno, para inscribirse como demandante de emprego. Debe permanecer inscrito un mes e formalizar a solicitude nos quince días hábiles a partir do día seguinte ao cumprimento do mes de espera.

## **Para persoas traballadores que, ao se producir a situación legal de desemprego, non cubriron o período mínimo de cotización para acceder a unha prestación contributiva**

---

### **Requisitos específicos**

- Estar en situación legal de desemprego.
- Inscribirse como demandante de emprego no prazo dos quince días hábiles seguintes desde a situación legal de desemprego e manter esa inscrición durante todo o período de percepción do subsidio.
- Ter cotizados nun réxime da seguridade social que inclúa a continxencia de desemprego, polo menos, tres meses se se teñen responsabilidades familiares, ou seis meses se non se teñen, e non cubrir o período mínimo de cotización para ter dereito a prestación contributiva (360 días).

### **Documentación específica**

- Certificado de empresa da última empresa en que traballou, se esta non o remitiu ao Servizo Público de Emprego Estatal a través do sistema Certific@2.

No caso de ter cargas familiares, ademais:

- Libro de familia ou documento equivalente no caso de persoas estranxeiras, legalizado e traducido.
- No caso de fillos ou fillas discapacitados maiores de 26 anos, certificado do grao de discapacidade expedido polo IMSERSO ou o órgano da comunidade autónoma correspondente, ou resolución do INSS, do Ministerio de Facenda ou de Defensa que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- Resolución xudicial ou escrito de formalización do acollemento no que conste o consentimento da entidade pública que teña encomendada a protección de menores e a data de efectos do acollemento.
- Sentenza e/ou convenio regulador, no caso de separación ou divorcio.

### **Duración**

Será en función do número de meses cotizados e de que se teñan ou non responsabilidades familiares.

- No caso de que se teñan responsabilidades familiares: tres meses se cotizou tres meses; catro meses se cotizou catro meses; cinco meses se cotizou cinco meses, e 21 meses se cotizou seis ou máis meses.
- No caso de que non se teñan responsabilidades familiares: seis meses se cotizou seis ou máis meses.

A duración do subsidio no suposto de traballadores fixos discontinuos será equivalente ao número de meses cotizados no ano anterior á solicitude.

Cando se recoñeza o dereito nestes supostos, as cotizacións que sirvan para o nacemento do subsidio non se poderán ter en conta para o recoñecemento dun novo dereito a prestacións de nivel contributivo ou asistencial.

### **Contía**

O 80 % do IPREM.

### **Tramitación**

A solicitude formalizarase no prazo dos quince días hábiles seguintes á situación legal de desemprego.

### **Para persoas liberadas de prisión**

---

#### **Requisitos específicos**

- Ser liberada de prisión e non ter dereito á prestación contributiva por desemprego.

- Que a privación de liberdade durase máis de seis meses.
- Tamén se entenderán comprendidos nesta situación os menores liberados dun centro de internamento no que fosen ingresados como consecuencia da comisión de feitos considerados delito, sempre que, ademais de permaneceren privados de liberdade polo tempo antes indicado, no momento da liberación sexan maiores de 16 anos. Así mesmo, entenderanse comprendidas nesta situación as persoas que conclúsen un tratamento de deshabitación á drogodependencia, sempre que durase un período superior a seis meses e visen remitida a súa pena privativa de liberdade en aplicación do previsto no Código penal.
- Se a condena é por delitos de abusos e agresións sexuais a menores de 16 anos ou delitos relativos á prostitución e corrupción de menores, cando a vítima sexa menor de 13 anos, a Administración penal deberá acreditar que se satisfizo a responsabilidade civil derivada do delito, e que se formulou unha petición expresa de perdón á vítima ou vítimas do delito.

En todo caso, a Administración penal deberá certificar se a liberación de prisión foi polos delitos recollidos no apartado anterior ou por outro distinto.

- Figurar inscrito como demandante de emprego durante o prazo dun mes e manter a inscrición durante todo o período de percepción do subsidio, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais.

### **Documentación específica**

- Certificación do director do centro penal, na que conste a excarceración tras prisión preventiva, cumprimento de condena ou liberdade condicional, así como a data de ingreso en prisión e de excarceración.
- Certificación da Administración penal, onde conste se o liberado ou liberada de prisión foi condenado polos delitos seguintes:
  1. Delitos de abusos e agresións sexuais a menores de 13 anos.
  2. Delitos relativos á prostitución e a corrupción de menores, cando a vítima sexa menor de 13 anos.

Se foi condenado polos delitos dos números 1 ou 2, certificación da Administración penal de que satisfizo a responsabilidade civil derivada do delito, e que formulou unha petición expresa de perdón á vítima ou vítimas do seu delito.

### **Duración**

Seis meses prorrogables, logo da solicitude da persoa interesada, por outros dous períodos de igual duración, ata un máximo de 18 meses.

### **Contía**

O 80 % do IPREM.

### **Tramitación**

A persoa traballadora dispón de trinta días, desde a excarceración, para se inscribir como demandante de emprego. Debe permanecer inscrita un mes e formalizar a solicitude nos quince días hábiles a partir do día seguinte ao cumprimento do mes de espera.

### **Para persoas traballadoras ás que lles sexa revisada unha invalidez**

---

#### **Requisitos específicos**

- Figurar inscrita como demandante de emprego durante o prazo dun mes e manter esa inscrición durante todo o período de percepción do subsidio, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais.
- Ser declarada plenamente capaz ou inválida no grao de incapacidade permanente parcial para a profesión habitual, como consecuencia dun expediente de revisión por melloría dunha situación de invalidez nos graos de incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou grande invalidez.

#### **Documentación específica**

- Fotocopia da resolución do expediente de revisión por melloría.

#### **Duración**

Seis meses prorrogables, logo da solicitude da persoa interesada, por outros dous períodos de igual duración, ata un máximo de 18 meses.

#### **Contía**

- O 80 % do IPREM.

### **Tramitación**

A persoa traballadora dispón de trinta días desde a data da declaración de capacidade ou incapacidade permanente parcial para inscribirse como demandante de emprego. Debe permanecer inscrita un mes e formalizar a solicitude nos quince días hábiles seguintes ao cumprimento do mes de espera.

### **Para persoas maiores de 52 anos**

---

#### **Requisitos específicos**

- Ter cumpridos 52 anos na data do esgotamento da prestación por desemprego ou do subsidio por desemprego, ou ter cumprida esa idade no momento de reunir os requisitos para acceder aos supostos do subsidio que se detallan a continuación, ou cumprilos durante a súa percepción:

- Esgotar unha prestación contributiva por desemprego.
  - Ser traballadora ou traballador español emigrante retornado de países non pertencentes á Unión Europea, Espazo Económico Europeo, nin Australia ou Suíza; non ter dereito á prestación contributiva por desemprego por cotizacións que tivese acumuladas nos seis anos anteriores á súa saída de España e traballar como mínimo doce meses nos últimos seis anos anteriores á súa saída de España, en países non pertencentes ao Espazo Económico Europeo, Australia ou Suíza.
  - Ser liberada de prisión sen dereito a prestación contributiva por desemprego e estar en privación de liberdade máis de seis meses.
  - Revisión de invalidez.
  - Estar en situación legal de desemprego, non ter dereito a prestación contributiva por desemprego por non cubrir o período mínimo de cotización (doce meses), sempre que cotizase, polo menos, tres meses.
- Estar incluída nalgún dos supostos anteriores.
  - Figurar inscrita como demandante de emprego durante o prazo dun mes (data en que finaliza a prestación concedida, que sempre será anterior á data do último cobramento da prestación) e manter a inscrición durante todo o período de percepción do subsidio, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais.
  - Cotizar por desemprego un mínimo de seis anos ao longo da súa vida laboral.
  - Cumprir todos os requisitos, salvo a idade, para acceder á pensión contributiva de xubilación no sistema español de seguridade social.
  - Se no momento do feito causante ten unha idade inferior a 52 anos, permaneceu inscrita ininterrompidamente como demandante de emprego e reúne o resto de requisitos, poderá solicitar o subsidio de maior de 52 anos cando cumpra esa idade. Entenderase cumprido o requisito de inscrición ininterrompida cando cada unha das posibles interrupcións tivese unha duración inferior a tres meses, non computándose os períodos que correspondan á realización de actividade por conta propia ou allea. Neste último caso, a persoa traballadora non poderá acceder ao subsidio cando o cesamento no último traballo fose voluntario.
  - O traballador ou traballadora que reúna os requisitos anteriores poderá obter este subsidio cando:
    - estivese percibindo ou tivese dereito a percibir un subsidio;
    - esgotase un subsidio;
    - esgotase unha prestación por desemprego e non percíbise o subsidio correspondente ou o extingúise, por carecer, inicialmente ou con carácter sobrevido, do requisito de rendas.

Este subsidio non será de aplicación ás traballadoras e traballadores fixos discontinuos mentres manteñan esa situación.

### **Documentación específica**

Sentenza e/ou convenio regulador, en caso de separación ou divorcio.

## **Duración**

O subsidio estenderase como máximo ata que a persoa traballadora acade a idade ordinaria que se exixa en cada caso para ter dereito á pensión contributiva de xubilación.

## **Contía**

O 80 % do IPREM.

## **Tramitación**

A solicitude formalizaráa a persoa solicitante no prazo de quince días hábiles seguintes ao cumprimento do mes de espera no caso de esgotamento de prestación contributiva, tendo cumpridos os 52 anos nese momento.

No prazo de 15 días hábiles seguintes ao último día traballado. No caso de que a empresa lle aboase vacacións por non as gozar con anterioridade ao cesamento, o prazo de quince días conta a partir da finalización do período de vacacións retribuídas e non gozadas.

Cando estea a percibir un subsidio, se cumpre a idade de 52 anos durante a súa percepción, pode solicitar o subsidio de maiores de 52 anos a partir de cumprir esa idade.

Se cando esgote a prestación contributiva ou o subsidio, se é o caso, non cumprise a idade de 52 anos, pero reúne todos os requisitos para acceder a calquera tipo de pensión contributiva de xubilación no sistema de seguridade social, e permaneceu inscrito ininterrompidamente como demandante de emprego, poderá solicitar o subsidio cando cumpra a dita idade.

A documentación que se deberá achegar estará en función da situación de acceso a este subsidio.

O SEPE requirirá ao INSS un certificado que acredite que a persoa interesada reúne o período de carencia suficiente para acceder a unha pensión contributiva de xubilación. Para acreditar o devandito período de carencia, teranse en conta, ademais das cotizacións efectuadas en España, as realizadas noutros países da UE/EEE ou Suíza.

Mentres se estea percibindo este subsidio, cada vez que transcorra un ano desde a data do nacemento do dereito ou da súa última continuación, deberá presentar ante o Servizo Público de Emprego Estatal, no prazo de quince días hábiles, unha declaración das rendas percibidas durante o devandito período, acompañada da documentación acreditativa que corresponda.

Se no momento de esgotar a prestación contributiva ou da situación legal de desemprego non pode obter o subsidio por non cumprir o requisito de carencia de rendas propias, poderá acceder ao subsidio de maiores de 52 anos se antes de que transcorra un ano desde a data do feito causante reúne este requisito e ten cumpridos os 52 anos nese momento.

Os traballadores e traballadoras perceptores do subsidio para maiores de 52 anos poderán subscribir un convenio especial a través da Seguridade Social para complementar a cotización por xubilación que efectúa o Servizo Público de Emprego Estatal.

O subsidio por desemprego para persoas traballadoras maiores de 52 anos será preferente ao recoñecemento de calquera outro subsidio.



**ANEXO I:**  
**OUTRAS PRESTACIÓNS PARA PERSOAS**  
**EN SITUACIÓN DESEMPREGO**



## PROGRAMA DE RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI)

### Beneficiarias

Persoas que non teñen dereito á prestación contributiva nin ao subsidio por desemprego.

Non terán dereito á RAI as persoas traballadoras que:

- Estivesen ingresadas en prisión, como preventivas ou penadas, salvo que a súa situación for compatible coa realización de traballos fóra do centro penal e reúnan os requisitos esixidos.
- Fosen perceptoras de pensións ou prestacións de carácter económico da Seguridade Social, incompatibles co traballo.
- Fosen beneficiarias de axudas sociais que se puidesen recoñecer ás vítimas de violencia de xénero que non poidan participar en programas de emprego, recollidos no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e regulados no Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, sempre que esas axudas se estivesen percibindo no momento da solicitude de admisión ao programa. No entanto, cando transcorran os períodos de seis, doce ou dezaioito meses de duración da axuda, poderase solicitar a admisión ao programa RAI.

### Requisitos

- Estar desempregada e inscrita como demandante de emprego, manter esa inscrición durante todo o período de percepción da prestación e subscribir o compromiso de actividade.
- Ser menor de 65 anos.
- Non ter ingresos mensuais propios superiores ao 75 % do salario mínimo interprofesional (SMI), excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. As rendas computaranse polo seu rendemento íntegro ou bruto. O rendemento que proceda de actividades empresariais, profesionais, agrícolas, gandeiras ou artísticas, computarase pola diferenza entre os ingresos e gastos necesarios para a súa obtención. As ganancias patrimoniais computaranse pola diferenza entre as ganancias e as perdas patrimoniais.
- Se ten cónxuxe e/ou fillos/as menores de 26 anos ou maiores discapacitados, ou menores acollidos, unicamente se entenderá cumprido o requisito de carencia de rendas cando a suma das rendas de todos os integrantes da súa unidade familiar así constituída, incluíndo a persoa solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 % do SMI, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- Non ser beneficiario da RAI nos 365 días naturais anteriores á data de solicitude de admisión ao programa, salvo no caso de vítimas de violencia de xénero ou vítimas de violencia doméstica e persoas con discapacidade.
- Non ser beneficiaria de tres dereitos ao programa de renda activa de inserción anteriores.

Ademais:

- **Se é desempregada de longa duración**, debe ter 45 ou máis anos e estar inscrita ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante doce ou máis meses, non ter

dereito a outra protección por desemprego. Considérase interrompida a demanda cando se traballaran 90 ou máis días no ano anterior á data de solicitude ou se saíse ao estranxeiro.

- **Se é persoa con discapacidade**, debe ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % ou ser pensionista por incapacidade.

Común para os dous colectivos anteriores:

- Non ter dereito á prestación contributiva nin ao subsidio por desemprego.
- Ter extinguida unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego.
- Estar inscrita ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante doce o máis meses.
- Buscar activamente emprego, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais ou outras para incrementar a ocupabilidade.
- Acreditar ante o SEPE que durante o período de inscrición se realizaron, polo menos, tres accións de busca activa de emprego (BAE). A acreditación efectuarase no momento da solicitude.

**Se a persoa é emigrante retornada**, debe cumprir, ademais dos requisitos xerais, os seguintes:

- Ter 45 ou máis anos de idade e ser menor de 65 anos.
- Ter traballado polo menos seis meses no estranxeiro desde a última saída de España e estar retornado nos doce meses anteriores á solicitude.

**Se a persoa é vítima de violencia de xénero ou de violencia doméstica**, debe ter acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica, salvo cando conviva co agresor, e estar inscrita como demandante de emprego, sempre que reúna os requisitos esixidos, agás o de ser maior de 45 anos e ser demandante de emprego inscrita ininterrompidamente como desempregada doce ou máis meses.

## Duración

A renda percibirase por un máximo de once meses. As vítimas de violencia de xénero ou vítimas de violencia doméstica obrigadas a cambiar a súa residencia nos doce meses anteriores á solicitude de admisión ao Programa ou durante a súa permanencia nel percibirán nun só pagamento unha axuda suplementaria de tres meses de renda.

## Contía

O 80 % do IPREM.

## Tramitación

Para incorporarse ao programa, deberán atoparse en desemprego total, demandando emprego, solicitar a incorporación por procedementos electrónicos a través da páxina <https://sede.sepe.gob.es>, na oficina de prestacións que lles corresponda, nos rexistros do Servizo Público de Emprego ou doutras Administracións, incluídas as locais coas que exista convenio, en calquera oficina de rexistro público ou dirixíndose por correo administrativo.

Deberán reunir e acreditar os requisitos esixidos no momento da solicitude e subscribir, nesa mesma data, o compromiso de actividade.

## **SUBSIDIO EXTRAORDINARIO POR DESEMPREGO (SED)**

### **Beneficiarias**

Persoas en desemprego total que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Que extinguisen en último lugar por esgotamento calquera dos subsidios por desemprego previsto no artigo 274 de TRLXSS a partir do 05/07/2018 e as que o esgotaron entre o 01/03/2018 e o 04/07/2018.
- Que sexan persoas paradas de longa duración que esgotasen prestacións por desemprego, PRE-PARA ou RAI, e estivesen inscritas como demandantes de emprego o 01/05/2018. (Considérase persoa parada de longa duración a que permanece inscrita como demandante de emprego durante, polo menos, 360 días nos dezaioito meses inmediatamente anteriores á data da solicitude do subsidio extraordinario).

### **Requisitos**

Poderán ser beneficiarias as persoas indicadas anteriormente, que presenten a solicitude de alta inicial a partir do día 05/07/2018 e dentro do seu período de vixencia, inscritas como demandantes de emprego nos Servizos Públicos de Emprego que, na data de solicitude, acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Carecer do dereito á protección por desemprego de nivel contributivo ou asistencial.
- Non ter cumprida a idade que lle permite acceder á pensión de xubilación, nas súas modalidades contributiva ou non contributiva.
- Carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 % do salario mínimo interprofesional (SMI), excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias e acreditar responsabilidades familiares.
- Cesar de forma involuntaria no último traballo realizado, en caso de traballar tras o esgotamento do último dereito.
- Non percibir previamente a axuda económica de acompañamento establecida no Programa de Activación para o Emprego (PAE).
- Na data da súa solicitude, non estar traballando por conta allea a tempo parcial ou non ter suspendido o seu contrato de traballo.
- Non ser beneficiaria con anterioridade do subsidio extraordinario por desemprego.

### **Requisitos específicos do colectivo que esgotou o subsidio por desemprego a partir do 01/03/2018**

Permanecer inscrito ou inscrita como demandante de emprego durante o prazo de espera dun mes desde o esgotamento do subsidio anterior, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a

participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais, e acreditar que durante ese prazo se realizaron accións de procura activa de emprego.

Non se atopan incluídas neste colectivo as persoas que extinguisen por esgotamento as prestacións seguintes:

- O subsidio para persoas traballadoras maiores de 55 anos, por alcanzar a idade que lles permita acceder á pensión contributiva de xubilación.
- O subsidio por desemprego ou a renda agraria, en favor das persoas traballadoras eventuais incluídas no sistema especial agrario da Seguridade Social.
- Os programas de renda activa de inserción (RAI) ou os programas de inserción PRODI ou PREPARA.

### **Requisitos específicos do colectivo de persoas paradas de longa duración**

- Extinguir por esgotamento algunha das seguintes prestacións:
  - a prestación por desemprego ou o subsidio por desemprego
  - as axudas económicas vinculadas ao:
    - programa de renda activa de inserción (RAI)
    - programa temporal de protección por desemprego e inserción (PRODI)
    - programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego (PREPARA)
- Permanecer inscrito ou inscrita como demandante de emprego durante, polo menos, 360 días nos 18 meses anteriores á data da solicitude do subsidio extraordinario.
- Estar inscrito ou inscrita como demandante de emprego no 1 de maio de 2018. Este requisito entenderase cumprido nos supostos en que a persoa traballadora, aínda non estando inscrita como demandante de emprego na devandita data, teña interrompida a inscrición debido á realización dun traballo por conta allea, sempre que a duración do contrato fose por tempo inferior a 90 días.
- Acreditar que durante o mes anterior á data da solicitude realizou accións de procura activa de emprego.
- Cesar de forma involuntaria nun traballo por conta allea previamente ao esgotamento do último dereito recoñecido.

### **Duración e contía**

A duración máxima do subsidio será de 180 días e non poderá percibirse en máis dunha ocasión.

A contía do subsidio será igual ao 80 % do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente en cada momento.

O pagamento periódico da axuda económica realizarao o Servizo Público de Emprego Estatal dentro do mes seguinte ao que corresponda a devindicación, por mensualidades de trinta días, entre os días 10 e 15 do mes inmediato seguinte ao que corresponda a devindicación. Efectuarase, salvo excepcións, mediante o aboamento na conta da entidade financeira que indique, sempre que sexa o/a titular dela.

A persoa traballadora poderá compatibilizar a percepción do subsidio extraordinario co traballo por conta allea a tempo parcial, sempre que continúe cumprindo os requisitos de carencia de rendas e de responsabilidades familiares, nese caso deducirase do importe do subsidio a parte proporcional ao tempo traballado.

### **Solicitud e prazo**

- No suposto do colectivo que esgotou o subsidio por desemprego a partir do 05/07/2018, o prazo será de quince días a partir de que se cumpra un mes de espera desde o esgotamento do subsidio anterior. O dereito ao subsidio extraordinario nace a partir do día seguinte a aquel en que se cumpra o devandito prazo de espera. Se se presenta a solicitude transcorrido o prazo citado, o dereito nacerá a partir do día seguinte ao da solicitude, reducíndose a súa duración en tantos días como medien entre a data en que tivese lugar o nacemento do dereito, de solicitarse no tempo e a forma que corresponda, e aquela en que efectivamente se formulou a solicitude.

Excepcionalmente, se o subsidio se esgotou entre o 01/03/2018 e o 04/07/2018, a solicitude deberá presentarse entre o 05/07/2018 e o 04/09/2018, tras permanecer inscrito ou inscrita ininterrompidamente como demandante de emprego durante o prazo de espera dun mes entre a data do esgotamento do subsidio anterior e a da solicitude do subsidio extraordinario. O dereito ao subsidio extraordinario nacerá o día seguinte ao da solicitude. Se se presenta a solicitude fóra deste prazo, reducirase a duración do dereito en tantos días como medien entre a finalización do devandito prazo e a data en que efectivamente se formulou a solicitude.

Se na data de solicitude non quedar acreditada ante os servizos públicos de emprego a procura activa de emprego, denegarase a solicitude, sen prexuízo do dereito a formular unha nova. Neste caso, o dereito nacerá ao día seguinte da nova solicitude, sen que a duración do dereito se vexa reducida polo prazo que medie entre unha e outra solicitude.

- No suposto do colectivo de parados/as de longa duración inscrito o 1 de maio de 2018, non hai prazo. A solicitude poderase presentar a partir de acreditar que no mes anterior á solicitude se realizaron accións de procura activa de emprego. O dereito ao subsidio nacerá o día seguinte ao da solicitude.

A procura activa de emprego acreditará a persoa solicitante do subsidio extraordinario ante o servizo público de emprego autonómico da oficina en que se atope inscrita como demandante de emprego.

## **PRESTACIÓN POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE**

A finalidade da prestación por cesamento de actividade é cubrir as situacións de finalización da actividade das persoas traballadoras autónomas provocadas por unha situación en todo caso involuntaria e que debe ser debidamente xustificada para acceder á correspondente prestación económica.

Esta prestación será xestionada polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e o Instituto Social da Mariña, coa colaboración dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

## Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas comprendidas no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e persoas as traballadoras autónomas economicamente dependentes (TRADE), ou ben ser persoa traballadora por conta propia ou armadora asimilada incluída no réxime especial dos traballadores do mar.

## Requisitos

- Estar afiliado/a e en situación de alta na Seguridade Social, ter cubertas as continxencias profesionais e estar ao corrente no pagamento das cotas de seguridade social.
- Contar cun período mínimo de cotización por cesamento de actividade de doce meses continuados e inmediatamente anteriores ao cesamento, sendo computable o mes en que se produza o feito causante do cesamento de actividade.
- Que o cesamento na actividade desenvolvida polo traballador ou traballadora se deba a motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos, causas de forza maior, perda de licenza administrativa, violencia de xénero, divorcio ou acordo de separación matrimonial e sexan debidamente xustificadas.
- Subscribir o compromiso de actividade para o mantemento da prestación.
- Non alcanzar a idade de xubilación.
- Que non concorran ningunha das incompatibilidades previstas no art. 342 do TRLXSS.

## Duración

Con carácter xeral, o período de gozo da prestación calcularase en función dos períodos cotizados polo traballador ou traballadora dentro dos 48 meses anteriores á situación legal de cesamento de actividade, tal e como se mostra na seguinte táboa:

Meses cotizados	Duración prestación
De 12 a 17 meses	4 meses
De 18 a 23 meses	6 meses
De 24 a 29 meses	8 meses
De 30 a 35 meses	10 meses
De 36 a 42 meses	12 meses
De 43 a 47 meses	16 meses
Con 48 meses	24 meses

## Contía

A contía da prestación será do 70 % da base reguladora, calculada segundo a media das bases polas que o traballador ou traballadora cotizase durante os doce meses anteriores á situación legal de cesamento de actividade.



A contía máxima será o 175 % do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), salvo cando o traballador teña un ou máis fillos/as ao seu cargo; neste caso, a contía será, respectivamente, do 200 % ou do 225 % do devandito indicador.

A contía mínima variará entre o 107 % e o 80 %, dependendo de se a persoa traballadora autónoma ten fillos ao seu cargo, ou non.

Non lles será de aplicación a contía mínima aos autónomos se cotizan por unha base inferior á mínima.

### **Pagamento da prestación**

A prestación será aboada pola mutua coa que o traballador ou traballadora teña cuberta a continxencia por cesamento de actividade, ou polo Servizo Público de Emprego Estatal se está cuberta polo INSS, ou polo Instituto Social da Mariña se é a entidade que cobre a dita continxencia.

Comezará a gozar da prestación a partir do primeiro día do mes seguinte ao que se produciu o cesamento de actividade, se presenta a solicitude en prazo.

### **Solicitude e prazo**

Presentarase ante a mutua coa que se teñan cubertas as continxencias profesionais, ou ante o SEPE se están cubertas polo INSS, ou ante o Instituto Social da Mariña se é a entidade que cobre esas continxencias.

### **Capitalización ou pagamento único**

O pagamento único é unha medida de fomento de emprego que pretende facilitar a posta en marcha de iniciativas de autoemprego que consistan en iniciar unha actividade laboral como traballador/a por conta propia ou en incorporarse como persoa socia traballadora ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais ou mercantís en funcionamento ou de nova creación.

Débense cumprir os seguintes requisitos:

- Ser perceptora dunha prestación económica por cesamento de actividade.
- Ter, polo menos, seis meses de prestación pendentes de percibir.
- Que a actividade profesional que vai desenvolver sexa unha das seguintes:
  - actividade como traballadora autónoma
  - constitución ou incorporación a unha cooperativa ou sociedade laboral ou mercantil
- Iniciar a actividade no prazo máximo dun mes desde a resolución de concesión do dereito e en todo caso, con data posterior á solicitude.